

Addenda á Programación Economía

CPI P. Antonio Orza Couto

Curso 2021-2022

AVALIACIÓN FINAL

• Alumnado que debe recuperar a materia:

- Un alumno/a debe recuperar a materia no período da “Avaliación Final” se, a esa altura, ten unha ou varias avaliacións suspensas. Tal e como está recollido na programación en vigor, o alumno/a non pode aprobar a materia de Economía se ten un ou varios trimestres suspensos.
- Dado que se suprime o concepto de “avaliación ordinaria/extraordinaria”, o alumnado da materia terá a posibilidade de recuperar o trimestre ou trimestres suspensos na chamada “Avaliación Final”, que terá lugar entre os días 8 e 22 de xuño.
- Dita recuperación farase por medio dun exame, no que se incluírán contidos do trimestre ou trimestres que o alumno/a teña suspensos. Para superar dito exame, o alumno/a debe acadar un 5 sobre 10. De non ser así, enténdese que o alumno/a non superou a materia na “avaliación final” e, polo tanto, esta quedará suspensa e terá que ser recuperada como pendente no curso seguinte.
- A media da Avaliación Final será a media aritmética das avaliacións do curso.

• Alumnado que desexa subir nota:

- Con carácter optativo e voluntario, o alumnado que non estea conforme coa nota da súa media final tal e como quedaría a día 8 de xuño, poderá examinarse para subir dita media.
- Para iso, realizará un exame sobre os contidos do trimestre no que teña unha nota máis baixa.
- A súa nova media será recalculada coa nota obtida en dito exame, sempre e cando esta non sexa máis baixa que a nota anterior. Neste caso, simplemente non se subirá nota e farase a media coa nota xa existente.

María Fírvida Fernández

Profesora de Economía

Xefa de Dpto. de Xeografía e Historia